

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E EDIFICIOS SITUADOS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DOS NÚCLEOS DE RIANXO, FINCHEIRA E RIANXIÑO</b>	CÓDIGO DO EXPEDIENTE	DOCUMENTO <b>ANEXO I SOLICITUDE</b>
--	----------------------	--

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

PROMOTOR/A DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN	NIF OU CIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN:	NIF OU CIF

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO	PARROQUIA		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**DATOS DA VIVENDA E/OU EDIFICIO OBJETO DA ACTUACIÓN**

ENDEREZO	PARROQUIA			
<b>EN CALIDADE DE:</b>				
PROPIETARIO/A	COPROPIETARIO/A	USUFRUTUARIO/A	INQUILINO/A	PRESIDENTE/A DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS

Lexislación aplicable:

- RD 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificadora, e rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.
- RD 627/2016, do 9 de decembro, que prorroga o Plan estatal 2013-2016.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas.
- Artigo 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, mediante a Orde do 9 de marzo de 2015.
- Ordenanza Municipal Reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada dos núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño

Para os efectos de facilitar a resolución da miña solicitude AUTORIZO ao Concello de Rianxo a solicitar por vía telemática o certificado de estar ao día das obrigas tributarias e sociais perante os organismos correspondentes.

SI  NON

Para os efectos de comprobar a ocupación efectiva do inmovible con data de ocupación, antes de ter transcorrido tres meses dende o remate das obras, AUTORIZO ao Concello de Rianxo a incorporar ao expediente un certificado de empadramento con esa data.

SI  NON

DATA E SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	ESPAZO RESERVADO PARA O SELO DE REXISTRO
_____, _____ DE _____ DE _____	

**Á Alcaldía do Concello de Rianxo**

### Documentación que se achega para tal efecto

#### - Documentación relativa á persoa solicitante:

- Fotocopia do DNI da promotora da actuación de rehabilitación
- Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar.
- Fotocopia cotexada da última declaración sobre o imposto do IRPF, asinada ou con selo bancario, co prazo de presentación vencido ou co Código do Seguro de Verificación.
- Certificado de imputacións da Axencia Tributaria, no caso de non ter obriga de facer declaración.

*Os ingresos familiares ponderados das persoas físicas beneficiarias das axudas non poderán exceder de 6,5 veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples)*

#### - Elementos comúns:

- Certificación da/o secretaria/o da comunidade de propietarios/as sobre a acta da reunión na que se designou a presidencia e acta na que se recolla o acordo de realización das obras.
- Se non existise comunidade de persoas propietarias legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todas as persoas propietarias coa realización das obras.

#### - Documentación acreditativa da titularidade do inmovible:

- Nos supostos de propiedade ou dereito de uso:

Contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de participación do legado hereditario, testamento e certificación de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.

- Nos supostos de arrendamento:

Á parte da documentación do apartado anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre a persoa propietaria e a inquilina, no que se faga constar a descrición das obras e a autorización da propietaria para realízalas, a renda contractual e demais condicións pactadas.

#### - Documentación relativa ao destino da vivenda:

- Residente habitual:

Volante de empadramento e compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente, polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

- Vivenda non habitada:

Compromiso escrito de ocupala eles/as mesmos/as ou transmitila ou cedela a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos tres meses desde que finalizasen as obras, e as axudas quedarán condicionadas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado ata seis anos por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

#### - Documentación relativa as obras:

**No caso de obras maiores:** anteproxecto, redactado por arquitecto/a, acoutado, coa escala necesaria para definir con precisión a intervención, no que se reflectan todos os materiais e técnicas que van ser empregadas na obra, co custo previsto o máis axustado á realidade edificadora, tomando en conta a base de datos da construción de Galicia. Este anteproxecto será vinculante e os seus contidos non poderán ser modificados, en ningún aspecto, no proxecto posterior que se presente para a tramitación de licenza municipal de obras.

**No caso de obras menores:** anteproxecto ou memoria valorada, con planos acoutados, a escala necesaria para definir con precisión a intervención, na que se reflectan todos os materiais e técnicas que van ser empregados na obra, co custo previsto -por capítulos e partidas, sen partidas alzadas-, o máis axustado á realidade edificadora, tomando en conta a base de datos da construción de Galicia, documentación que poderán redactar o persoal técnico da Oficina de Rehabilitación.

Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas Administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos.

Declaración de non estar incurso/as nas causas de prohibición de solicitude de subvencións establecidas no art. 10.2 - 3 da Lei de subvencións de Galicia.

Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias, a nivel estatal, comunidade autónoma e local, e coa Seguridade Social, no caso de non autorizar.

Fotografías do estado actual do inmovible.

Outros documentos que resulten necesarios como complemento da documentación anterior.